



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** A IA aplicada á orientación laboral. EMImprego Intelixente

**CONVOCATORIA:** EMPREGO-Convenio

**GRUPO:** Cursos Convenios

**ÁREA:** Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 02/06/2026 - 09:00h ao 08/06/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso de formación sobre a ferramenta EMI – Emprego Intelixente ten como obxectivo achegar ao persoal técnico do Servizo Público de Emprego de Galicia os coñecementos necesarios para o uso efectivo desta ferramenta, orientada á xestión por competencias no acompañamento ás persoas demandantes de emprego.

Ao longo do curso abordaranse os distintos módulos da ferramenta EMI, dende o acceso e a visualización da información da persoa demandante ata a creación e edición do seu perfil competencial. Tamén se traballarán as funcionalidades relacionadas coa busca de ocupacións segundo competencias, a análise de datos de emprego (contratacións, ofertas, predicións ou empresas), así como outras utilidades dispoñibles, como a sondaxe por competencias ou a comunicación con SICAS.

A formación permitirá ao persoal coñecer en detalle o funcionamento da ferramenta, mellorar a calidade da orientación laboral baseada en datos actualizados e facilitar a toma de decisións axustadas ao perfil competencial e ás oportunidades reais do mercado de traballo galego.

### DESTINATARIOS

Esta acción formativa esta dirixida exclusivamente ao persoal que pertenza aos seguintes colectivos na data de finalización do prazo de solicitude das accións formativas:

- Persoal das oficinas de emprego, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, así como ao persoal dos Departamentos Territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Persoal da Subdirección Xeral do Retorno dependente da Secretaría Xeral de Emigración

### PROGRAMA

**MÓDULO 1: ACCESO E INFORMACIÓN DA PERSOA DEMANDANTE.**

1. Acceso a EMI.
2. Ficha demandante
3. Info demandante

**MÓDULO 2: PERFIL COMPETENCIAL.**

1. Perfil competencial
2. Creación do perfil competencial
3. Visualización do perfil competencial
4. Edición do perfil competencial
5. Ocupacións e empregabilidade

**MÓDULO 3: FERRAMENTAS DE PROCURA DE OCUPACIÓNS EN COMPETENCIAS.**

1. Equivalencias de ocupacións CNO – ESCO
2. Glosario de ocupacións ESCO

3. Glosario de competencias ESCO

**MÓDULO 4: DATOS DE EMPREGO.**

1. Contratados VS Demandantes
2. Contratados
3. Demandantes
4. Ofertas
5. Prediccions
6. Empresas

**MÓDULO 5: OUTRAS UTILIDADES.**

1. Sondaxe por competencias
2. Actualización dos datos
3. Comunicación con SICAS

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

As prazas asignaranse por orde de inscrición.

**3. DATOS EDICIONS**

**T01**

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 19/10/2026 a 16/11/2026

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 20/11/2026 ás 18:00h

**DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

**LUGAR DE REALIZACIÓN**

Proba final en liña.